



**O home e a súa lágrima**  
Santiago Bergantinhos

**Published:** 1999

**Categorie(s):**

**Tag(s):** home

## O home e a súa lágrima

No amplo e luxoso dormitorio Pedro terminaba de vestirse como todos os días, elegante e pulcro coma sempre e disposto a ter outra xornada de traballo no seu prestixioso gabinete de arquitectura. Fronte ao espello anudouse sorridente a gravata e mirou un momento á porta aberta do cuarto de baño, onde se ouvía a súa esposa duchándose. Teófila acababa de chegar da súa quenda de noite no hospital, e nada máis el marchase ela meteríase na cama para durmir e estar descansada para a cea da noite.

En poucos minutos ela saíu cunha toalla na cabeza e outra cubríndolle o corpo, e con ollos somnolentos deulle un beixo de despedida.

—Até a noite, querido.

—Virei cedo, se podo.

—Iso espero. Adeus.

No despacho reuniuse con Ernesto, e xuntos contemplaron a maqueta da ponte, un fronte ao outro. Coma sempre, Pedro quitara a chaqueta para estar máis cómodo, e coma sempre Ernesto non, porque dicía que non lle favorecían os suspensorios tanto como a Pedro.

—Non hai xustiza no mundo se non gañamos un premio con isto, Pedro.

—Gañamos? —respondeu o outro con ironía—. Se eu fago todo o traballo.

—Seica o nego? —dixo o outro con unha man no peito e facéndose o ofendido—. O que non sei é para que temos a todos os demais en nómina. Pagámoslles case por nada, xa que teimas en facelo case todo.

—Manías miñas —replicou Pedro, encanto tomaba outro ángulo de visión para apreciar mellor as posibeis vistas que ofrecería a impresionante obra arquitectónica saída da súa imaxinazón, e que uniría as dúas beiras dunha grande baía nunha cidade oriental de nome case impronunciábel—. Vai quedar de maravilla nas fotos.

—Xa che digo. E cuns barcos cruzando por baixo cada un con unha esteira, nen che conto.

Ernesto acendeu un dos seus cigarros de imporazón e mirou através da xanela o balbordo de automoveis e persoas da grande cidade.

—Cando te vas, Ernesto?

—O avión non sae até a tarde. Posibelmente mesmo coma aquí.

—Eu penso que tamén ficarei aquí a comer.

—Neno, o teu é grave. A miña idea dunha boa comida non é papar un bocata ou un roliño primavera diante do computador e os planos.

—Tranquilo, á noite hei comer ben. E debo esforzarme se quero ser o mellor arquitecto da historia despois de Calícrates, non?

—Quen? —preguntou o outro cun aceno.

—O do Partenón...

—Ah, claro. Ben, xa sabes que eu...

Pedro, coma sempre, acabou a frase por el cun sorriso:

—... só ía á facultade para ligar coas mozas e para ir a festas.

—Pois iso. E así que esta é a grande noite.

—Ahá. O quinto aniversario.

—Por que non sodes como todo o mundo e celebrades o día da voda?

—Porque así o celebramos dúas veces. Dentro de dous meses, outra cea romántica.

Xuntos fronte á xanela os dous miraron ao extremo da avenida, ao bar no que Pedro e Teófila se coñeceron.

—Es un cabrón con sorte.

—Dismo a min? Es ti quen hoxe vai a unha reunión do Colexio de Arquitectos, vas estar toda a noite con un gintónico na man e seguramente engatarás cunha rapariga acabada de saír da facultade, ou cunha azafata.

—E necesario que me recordes sempre a miña pobre e patética existencia? En fin... Oes, de verdade que Teófila non ten nengunha irmá?

—Si.

—Unha prima?

—Non.

—Algunha sobriña que xa estexa en idade de merecer?

—Pois agora mesmo non lembro. Pola noite pergúntolle.

—Ben... Pois vou ao meu despacho, que teño que facer unhas chamadas ao Xapón polo do novo proxecto.

—Mais se ti non falas xaponés, e o inglés córtalo fatal.

—Que máis ten! Xa encontrarei alguén que fale o noso idioma. Por certo: viredes sábado cear a casa? Xa sabes o moito que quere mamá a Teófila. O outro día mesmo me animou a que a seducise para que te abandone e así poder casar eu con ela.

—Ai si? Iso parece o argumento dunha película que vin hai pouco.

—Si? Cal?

—*Misión Imposíbel*. Até logo, Ernesto.

Ernesto saíu do despacho de seu socio con cara de resignazón, e Pedro seguiu mirando ao outro lado da rúa á entrada do bar. Cinco anos xa, e parecía que fora onte. Como sempre dicía Ernesto, que axiña pasa o tempo cando o está pasando un ben. O grande momento chegara pouco despois de saíren os dous da facultade con o título baixo o brazo, cheos de ilusóns e co san propósito de combinar sabiamente o diñeiro dun e a xenialidade do outro. Pedro mirou o reloxo no seu pulso e viu que xa case eran as once en punto. Cinco anos xustos desde o momento en que case histérico entrou a tomar un café nese bar e sacou do seu peto o móvel para dicir un par de cousas a Ernesto sobre a cor da moqueta que elexera para o gabinete. Entretívose uns segundos acordándose da familia de quen inventara eses aparellos ao ver que estaba esgotada a batería e dirixiuse como unha frecha ao telefone público do bar case sen darse conta de que unha muller sentada a unha das mesas se levantaba distraidamente para facer unha chamada

—Perdoe vostede, desculpe —dixo el algo perturbado ante a cara de espanto da muller, que o esquivara de milagre.

—Non se preocupe —dixo ela disposta a tomar a situación con humor—. Chame vostede primeiro, xa que parece que é urxente.

—Ouh, non, de nengún modo —replicou el de inmediato—. Só teño que chamar o meu socio para dicirlle que o vou matar cando o vexa. Podo agardar.

A muller sorriulle, marcou o número e logo colgou bastante decepcionada ao ver que ninguén lle respondía.

—Podo axudala, señorita?

—Creo que non —respondeu ela a sorrir—. Acabo de chegar á cidade, e a única amiga que teño aquí está ilocalizábel.

—É vostede nova na cidade? Se o desexar eu podo axudala.

—Non se moleste, de veras.

—Non é molestia, en absoluto. E o meu socio podo matalo en calquera outro momento.

—E que lle fixo, se se pode saber?

—Encarregou unha moqueta dun morado horroroso para os despachos do noso gabinete.

—Uf! —exclamou ela—. Espero que lle encuentre unha morte especialmente lenta e dolorosa.

—Permítame que me presente —dixo el estreitándolle a man—. Pedro Buroaga, arquitecto.

—Encantada, señor Buroaga e arquitecto. Eu son Teófila Gómez.  
—E con algo de retintín engadiu—: Cardióloga.

—Hai que foderse —dicía sempre Ernesto cando contaba a historia do encontro aos demais—. E dous meses despois casan. Chega ao bar ao que ía eu sempre a esa hora a muller máis guapa, simpática e intelixente do mundo, un anxo!, e na vez de estar eu está o furabolos de Pedro. —Ernesto era así, e contábao sempre igual, estivesen eles diante ou non—. O peor é a cara de imbécil que se lle pon cada vez que ve que se lle acabou a batería do móvel. E a moqueta tampouco era tan fea!

Pedro sorriu ao recordalo, deu unha palmada, fretou as mans e en voz alta dixo:

—Ala, a traballar. —Antes de ir á pantalla de deseño sentou un momento á mesa do seu despacho para mirar uns papeis e aproveitou para mirar a foto da súa esposa. Estaba a se lembrar a si mesmo que era un cabrón con sorte cando Lucía, a secretaria que os acompañaba aos dous desde antes da inaugurazón do gabinete, o chamou polo intercomunicador—. Si? Que acontece?

—Tes unha cita, Pedro. O señor Caesari agarda por ti na salina.

—Unha cita? Hoxe? Que raro! Non será un xornalista de dominical, polo da ponte? Non ía vir amañá?

—Di que é un asunto privado, e na axenda está o seu nome.

Pedro con dous clics do rato accedeu á axenda do computador da súa mesa e viu que en efecto a esa hora tiña unha cita co señor Caesari, sen entrada da razón que o traía até alí. Apesar de tudo, o que máis o sorprendeu foi o rexisto e a data, xusto había cinco anos.

—Faino pasar.

O señor Caesari era alto e delgado, de pelo gris e vestido con un traxe preto. Despois das presentazóns e de sentar un fronte ao outro nuns cadeiróns do despacho Pedro intentou acabar canto antes.

—E que se lle ofrece, señor... Caesari?

—Nada —respondeu o outro cunha voz terriblemente neutra—. Simplesmente vin, como vostede me dixo. A lembrarlle que o tempo pasou.

—Temo que non lle entendo. Quizá houbo un erro...

—Se algún houbo non foi pola miña parte, iso desde logo.

O home vestido de preto levantouse, sen despedirse tomou a porta e marchou sen dicer nada.

—Demasiado melodramático para o meu gosto —comentou Pedro para si mesmo—. Ben, hai cinco anos tratábamos con todo tipo de fulanos raros destes.

O resto do día pasouno traballando e falando un bo anaco con Clara, unha prima afastada de Ernesto que estivera con eles desde o primeiro momento, cando os teléfonos e os computadores aínda había que apoialos en caixas de embalaxe, e que se pasar a saudar.

—Que che pasa, Pedro? —perguntou ela—. Nótoche raro todo o día.

—Non sei o que está a pasarme, a verdade. Non consigo concentrarme. É... como se algo me estivese roldando pola cabeza e non conseguise lembrar de nengunha das maneiras o que é.

—Ás veces pasa.

Xa avanzado o serán decidiu que era mellor deixalo por ese día, volveu pór a chaqueta e saíu de alí cando xa non ficaba ninguén. En meia hora chegou ao seu apartamento, e abriu a porta esperando encontrar unha nota sorpresa que lle dixese en que restaurante se debían encontrar, pois Teófila encargábase dos preparativos ese ano. Mais só achou unha nota sobre a cama que lle dicía que se puxese guapo e que se vestise de pingüín, como ela dicía sempre.

Pedro duchouse e barbeouse no cuarto de baño do dormitorio, vestiuse como se fosen darlle outro premio máis e ao chegar ao salón iluminado só polos candelabros achou a mesa posta e a comida pronta.

—Cariño...

Deu a volta e viu Teófila, máis bela do que nunca co seu vestido de noite e as súas mellores alfaias, que nese momento lle ofrecía unha copa de champaña.

—Carai, que sorpresa.

Ela beixouno e apertouse contra el para dicirlle ao ouvido:

—Hoxe ceamos na casa.

Aínda sorprendido pola rapidez coa que ela o colocara todo na mesa, e divertido coa idea de que sen dúbida ela se escondera para montar a cena, sentou á mesa e comezaron a cear encanto falaban das súas cousas e se dicían palabras de namorados. Xa na sobremesa Pedro contoulle o incidente co señor Caesari.

—E foise sen máis e sen dicirme por que vira. Pareceche normal? —Teófila non lle respondeu, e tomou outro gole de viño—. Foi algo moito raro. E desde que se foi, a verdade, hai algo que me rolda pola cabeza, e non sei que é. Como se intentase acordarme de algo e non puidese. Non che parece raro, cariño? —Ela seguiu sen responder—. Teo... rula... por que non me dis nada?

Pedro volveu mirala fixamente, e díxose que nunca a vira tan fermosa e tan radiante, igual que nunca a vira tan calada e co rostro tan inexpresivo.

—Teo... —repetiu nun susurro.

Houbo un silencio insuportabelmente prolongado até que non se lle ocorreu outra cousa que levantar a copa e propor un brindé.

—Por estes cinco anos. Precisamente pola mañá estiven recordando con Ernesto como nos coñecemos. E eu... Teófila, meu amor, que che pasa? Por que choras?

—Lémbrale, Pedro? —dixo ela.

—Claro que si —respondeu el colléndolle a man—. Claro que si. Eu estaba no despacho con todo estomballado e entón chegou...

—Quen, Pedro? Quen chegou?

—O da moqueta. Mais antes... antes...

—Don Pedro Buroaga?

Pedro ao ouviren o seu nome deu media volta no que ía ser o seu despacho se conseguían decoralo e acondicionalo despois de tantos atrasos, deixou de mirar as facturas e os recibos e viu perante del un home alto e delgado de pelo gris, vestido cun traxe negro.

—Si, sou eu. É vostede o da moqueta?

—Temo que non. Veño por un asunto bastante máis serio. Vostede púxose en contacto con a miña organización. Xa falamos por teléfono. Sou o señor Caesari.

—Ouh, vaite.

Pedro fechou a porta e deixou os recibos sobre unha das caixas.

—Falamos, pois? —dixo o señor Caesari.

—Claro.

—Sinxelamente pida, e eu direille se é posíbel.

—Ah, ben. Ao choio —dixo algo nervioso—. Crin... que para vós nada era imposible.

—Os dados que teñen vós sobre nós digamos que por veces son... como o diría eu? —dixo con un medio sorriso—, pouco menos que hilarantes.

—Tal vez a miña petición lles resulte algo insólita.

—Dubídoo. Após tantos anos xa non hai nada que poida sorprendeme, asegúrollo. Ao cabo todo se reduce ao mesmo: poder ou sexo, ou os dous á vez. Cal é o seu caso? Quere ter éxito na súa carreira profesional e todas as mulleres aos seus pés? O primeiro é fácil, mais

respecto ao segundo sempre nos topamos co asunto do libre albedrío. Supoño que se fará cargo. Contudo, podo facilitarlle un espírito encarnado que satisfará calquera das súas fantasías. Súcubos, como os chaman vocês.

—Ben, a verdade é que non sei... —dixo Pedro a dar voltas polo cuarto e incómodo por non poder nen ofrecer unha cadeira ao seu convidado—. Para triunfar na miña profisión confío no meu talento, e comprendo as limitazóns do outro.

—Se quere que me vaia fareino e non gardará vostede nengunha lembranza disto.

—Non... non... Eu o que buscaba era outra cousa. Non sei como dicirlllo. Algo máis normal. O que você dixo, aínda que máis normal.

—Unha esposa?

—Si! Penso que se podería dicir así. Aínda que non estaría obrigado a casar con ela, non?

—Iso ao seu gusto. Así pois o que busca é unha esposa; unha muller ideal, se me permite a expresión. Fermosa, simpática e intelixente, que o ame e o respeite.

—Exacto.

—Non hai ningún problema. É unha petición máis frecuente do que imaxina.

—Aínda que hai algo máis. Quizá lle sorprenda.

—Dubídoo moito, sinceramente. De que se trata? —Pedro explicoullo encanto o outro o escoitaba en silencio, e uns segundos despois o señor Caesari deulle a súa opinión—: Desde logo non hai ningún problema respecto a facerlle esquecer este encontro e que así poida vivir tranquilamente sen a angustia de saber as consecuencias deste contrato. De facto, é unha cláusula moito frecuente en calquera que teña un mínimo de intelixencia. Mais considerando o outro punto da súa petición o único que podo dicirllle é que conseguiu você sorprendeme. A súa natureza é completamente desusada, e debo consultalo.

—Ben.

—Non hai ningún problema —respondeu inmediatamente o señor Caesari—. Mais en troca dunha limitazón temporal: cinco anos.

—Apenas cinco?

—Algúns matrimonios duran menos do que iso. Se renuncia a ese “extra” terá toda a vida para desfrutar da súa parella ideal.

—Aceito: cinco anos. Supoño que cando o prazo acabe você virá dicermo.

—Se así o desexar, fareino con moito gusto, señor Buroaga.

—Entón até dentro de cinco anos, señor Caesari.

—Ouh, ben, agora que xa chegamos a un acordo pode vocé chamarme Azazel. Adeus, señor Buroaga.

Marchou sen dicer unha palabra máis, Pedro volveu tomar nas mans as facturas e ao momento entraron dous homes con monos brancos de traballo.

—Ola, vimos colocar a moqueta.

Pedro retirou a man da man da súa esposa sen deixar de mirala aos ollos, e permaneceu calado como ela, que o ollaba fixamente.

—Teófila? Teo?

Estaba máis bela do que nunca.

—Xa non me chamas polo nome co que me reclamaches hai cinco anos? Se soubeses canto te odio...

—Eu...

—Ti non o entendes! —gritou—. Non podes entendelo!

—Eu...

—Cala! Nen unha soa palabra máis! —exclamou a se pór en pé—. Seica es consciente do que me fixeches? Eh? Seica? Non! Non podes selo! Ti... ti... —Calmouse uns momentos e con xesto de ira comezou a falar como se case estivese recitando para ela mesma e non para el—. Non podes entendelo. Ninguén pode. Como facercho comprender con a pobre versión que tendes, sen ser conscientes de nada do que se pasou? Nen sequera estou eu mesma segura de como realmente aconteceu, tanto tempo depois. Nunca o poderás entender, nunca saberás o que era ser abrazado pola fonte de todo o que existe, de sentir o seu amor rodeándote e que do máis fondo de cada fibra do teu ser nacía un canto de abalanza indescribivelmente belo e modulado, todos xuntos e a coro. Non o podes saber, nen podes comprender o que é sentirse privado diso por toda a Eternidade.

»Vós non o entendedes. Non sabedes nada! Chamádesme por mil nomes e atribuídesme todas as desditas sen comprender sequera que non me rebeleí. Non o fixen! Como podería facelo, imbecis?! Na vosa estupidez dicesdes que eu era o máis fermoso, o máis sabio, o máis poderoso despois de El. Mais equivocabádesvos. Non era nada diso. Sinxelamente era o que máis O amaba, o que máis forte e alto cantaba, o que máis desexaba ser un con El. Por iso instiguei, si, e movín os outros a rebelión por enganar e mentiras, mais non para substituílo, senón para estar a sos con El.

»Pensei en facernos loitar uns contra dos outros, aniquilalos a todos, a todos con os que tiña de compartir O Seu Amor, e por fin destruír os outros que comigo se levantaran cegados polas miñas mentiras. Non, non me olles con esa cara de espanto, porque dentro do meu ser crin que iso era o que El desexaba, o que El quería en secreto, e que comprendería por que o facía, e soñei que todo non era máis ca unha proba para elexer de entre todos a aquele que máis O amaba.

»Como podería explicarche como foi? Quizá nos imaxines con armaduras relucentes e espadas de fogo, e podas verme pasando por cima de todos con as miñas hostes. Que queres que che diga? Que lembro a cara de Miguel ao caer baixo os meus pés, e a Gabriel apartado pola miña furia como simple follaxe? Pois así foi! Vencín guiado polo meu amor até chegar Ao Seu Trono e presentarme ante El, e no momento no que estaba a piques de voltarme contra eses traidores que me acompañaban sentín algo, deixei de sentir algo, vin os caídos dos dous bandos recuperarse das súas horribes feridas, e souben que me fora negada A Súa Gracia até que tudo acabe, se é que algunha vez ten que acabar.

»E no mesmo momento en que fomos expulsos soubémolo, soubemos cal era o noso castigo: ser apartados de El, privados daquilo que era o máis grande; e o que é peor: saber que nunca máis volveríamos velo, e que nunca xamais volvería pensar en nós, nen a dedicarnos o máis mínimo pensamento. Nas Tebras Exteriores por toda a Eternidade.

»Mais por que eu?! —chiou histérica e chorando—. Eu non me rebelei! Foron eles! Eles pecaron e non eu! E nen sequera temos consolo uns cos outros, porque vernos nos recorda o que perdemos, e depois inflixíusenos unha maior humillazón cando á vil materia, ao barro, se lle concedeu o don da palabra para falar con El, e puidestes ouvir A Súa Voz que a nós nos era negada. Non podes imaxinar o moito que os odiamos, e como loitamos entre nós en un paroxismo de ira, e como discutimos que facer. Uns decidiron que debían axudarvos a saír da lama do que vos alzastes e así suplicar O Seu Perdón, e outros decidiron facer vos todo o dano posíbel, aínda que só fose para provocar A Súa Cólera e que nos destruíse con o mesmo poder con o que unha vez nos criou.

»Non o podes imaxinar, non o sabes. Non podes concebir o que é non saber se hai posibilidade de expiazón ou non, e se hai tal non saber nen remotamente cal é, arroxados ao non ter máis coñecimento nen máis certeza que a verdade da nosa Caída. E no meu caso, moito peor, pois eu era o que máis O amaba, o que mellor cantaba A Súa Gloria.

»E entón chegaches ti —dixo con os dentes apertados e sinalándoo co dedo—, de todos os anacos de arxila o único que conseguiu facer

o impensábel o imposíbel: agravar até un maior infinito a dor insuportábel da miña existencia condenada. Ti! Aínda non entendes o que me fixeches?! Ti, que me abrazabas e me dicías que me amabas, ti que me beixabas e me facías sentir ao apertarme contra ti que por un momento a nosa respirazón era unha, e que me fixeches lembrar coas vulgares éxtases desta materia a unión co Absoluto. Ti fixéchesme amarte! Fixéchesme recordar con máis dor da imaxinábel o que perdín e o que seguro nunca recuperarei! Ti! Ti, coa túa memoria perdida gozando do meu amor, nun esquecemento inconsciente que eu non podo dar-me a min mesma!

—Eu...

—Que?! —bradou como unha louca abalanzándose contra el até que tivo a súa cara pegada á do seu esposo—. Que tes a dicirme?!

—Lévame contigo —dixo Pedro sen temor—. Estarei contigo na túa sorte, para sempre. Compraches a miña alma e perténcete. Se ti me amas e eu te amo, estexamos xuntos no Inferno para toda a Eternidade.

Ela apartouse uns pasos, e por uns momentos non dixo nada.

—Non quero a túa alma. Devólvocha, se é que en verdade teño poder e dereito para comprarcha. Non a quero.

—Eu...

—Queres estar comigo? Compartir a miña sorte?

—Si. Por favor. Suplíocho.

—Entón escóitame o que che digo —dixo dando un paso para tras—: durante o que che reste de vida cada vez que me lembres ou que penses en min debes saber que alá onde estexa eu, e faga o que faga, eu non pensarei en ti, nen te recordarei. E así será até que ti morras, e até a consumpção dos tempos. Querías estar comigo, Pedro? Pois xa estamos xuntos. Benvido ao Inferno.

Apartou a súa mirada del, e sen dicer máis abandonou a casa.

Pedro ficou a sos e sen poder reaxir durante horas, a escuras, até que se levantou e recorreu un a un todos os cuartos da casa. Faltaba algo, e non sabía que. Ao mencer, a sos e de pé no meio do salón no que se consumiran as velas dos candelabros sentiu que algo mudaba, que outro prazo chegaba á súa fin.

Unha lágrima rodou pola súa meixela.

O Home e a Súa Lágrima convertéronse nunha chama de luz viva que subiu aos Ceos acompañado por unha escolta de arcanxos que cantaban As Súas Loubanzas.

## Contacto e informazón legal

Rexisto en Safe Creative: 1102048423823

[www.safecreative.org](http://www.safecreative.org)

Blogue:

<http://larealidadestupefaciente.blogspot.com>

Correo:

[het\\_novela@hotmail.com](mailto:het_novela@hotmail.com)

Skype:

[santiago.bergantinhos](https://www.skype.com/people/santiago.bergantinhos)

Grupo en Facebook:

Buscar: Santiago Bergantinhos - Escritor (GL)

FormSpring:

<http://www.formspring.me/SuperSantiEgo>

Twitter:

<http://www.twitter.com/SuperSantiEgo>

## **Libros en papel**

[http://www.bailedelsol.org/titulos/titulos\\_detalle.php?IDLibro=126](http://www.bailedelsol.org/titulos/titulos_detalle.php?IDLibro=126)

<http://stores.lulu.com/store.php?fAcctID=685256>

<http://supersantiago.bubok.com/>

## From the same author on Feedbooks

El Becratosinok (1989)  
relato

El Pitufinok (1989)  
Versión en idioma pitufo del relato El Becratosinok.  
<http://www.feedbooks.com/userbook/4684>

La colmatación del vacío (1993)  
Relato publicado originalmente en el fanzine Edda, en 1993.

Het - Primer capítulo (1995)  
Novela eróticofilosófica o filosóficoerótica, según se mire.

A reviravoltas con a Sabeliña - Capítulo 1 (1997)  
Primeira parte da novela *A reviravoltas coa Sabeliña*.

Ah, ben. Daquela nada (1999)  
Minirrelato escrito para o fanzine dun amigo, que se llamaba Bulldog. (O fanzine, non o amigo.)

El Hombre y Su Lágrima (1999)  
El famoso arquitecto Buroaga recuerda en su quinto aniversario de boda cómo conoció a su esposa.

Y él me espera (2006)  
Relato de horror existencial o metafísico, como se le quiera llamar.

Éramos pocos y... (2007)  
Relato parodia de las historias de ciencia ficción sobre invasiones extraterrestres, con múltiples referencias a otras obras literarias y cinematográficas

Seré Leyenda (2008)  
Parodia y homenaje a la novela de Richard Matheson, *Soy leyenda*.

Cicatriz (2010)  
Pues si lo explico lo estropeo.

Carminha Burana - Textos complementares (2011)

Textos complementares da novela *Carminha Burana*, editada por Urco Editora.

Advertencia: contén spoilers a mancheas.

Ellos gritaron mi nombre (2011)

Un anciano se despierta por la mañana y recuerda los hechos que condujeron a ése su último día sobre el mundo.



**[www.feedbooks.com](http://www.feedbooks.com)**  
Food for the mind